



FISCALÍA GENERAL DEL ESTADO

PROTOCOLO PROVINCIAL DE ACTUACIÓN PARA XUÍZOS DE CONFORMIDADE SUBSCRITO ENTRE A FISCALÍA PROVINCIAL DE OURENSE E O ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE OURENSE

INTRODUCCIÓN

A iniciativa do Consello Xeral da Avogacía Española, a Fiscalía Xeral do Estado subscribiu, con data do 01/04/2009, co devandito órgano un protocolo de actuación para xuízos de conformidade. Derivada directamente do dito protocolo, a Fiscalía Xeral do Estado ditou a Instrución 2/2009, relativa á súa aplicación.

Ambos os dous documentos, Protocolo e Instrución, constitúen o marco de desenvolvemento do presente protocolo provincial, así como os seus límites e exacto contido, constituíndose como un mero desenvolvemento, no ámbito provincial, do contido dos citados documentos.

É obxecto do presente protocolo provincial favorecer as saídas anticipadas do proceso que, sen menoscabo de ningún dereito, e dentro do estrito marco de legalidade, faciliten una resolución máis rápida, menos traumática e, en suma, menos custosa en todos os sentidos do conflito penal, evitando a realización do xuízo oral e incluso a propia instrución, xeralmente cunha contrapartida á baixa da pretensión punitiva.

As situacións de conformidade viñéronse producindo na gran maioría dos casos nos instantes anteriores á realización do xuízo oral, baleirando de contido boa parte da potencial eficacia da conformidade, producíndose en non poucas ocasións situacións e efectos contraproducentes como os seguintes:

- Desenvolver todas as actuacións conducentes á realización do xuízo supón un gran traballo para a oficina xudicial, para o fiscal, para o propio avogado, así como para todos os intervinientes que han de

- acudir ao acto do xuízo, desperdiciándose un grande esforzo e tempo de persoas e institucións.
- A precipitación da conformidade na propia sede xudicial fai imposible acceder a determinados datos que poidan ser necesarios para ter unha idea exacta das consecuencias e condicións da conformidade (v.g. posibilidade de suspensión condicional).
 - A "escenografía" da conformidade na sala de vistas, xeralmente en presenza do propio xuíz ou tribunal, cando non nun corredor, dá aparencia de dubidosa imparcialidade. A imaxe que poden percibir o propio acusado, prexudicados, vítimas e testemuñas é de que os seus intereses se despachan entre xuízo e xuízo nuns minutos de modo case secreto, e en non poucas ocasións, improvisado.
 - A obriga de dar un medido protagonismo á vítima e aos prexudicados, nos casos pertinentes, esixe un contacto incompatible con esta forma de facer conformidades, xa que non só se trata de garantir intereses avaliábeis, senón que a consideración da dignidade da vítima ou prexudicado está tamén en xogo.
 - A mera manifestación dunha defensa de chegar a unha conformidade é unha situación que facilmente pode coñecer o xuíz ou tribunal sentenciador, que pode quedar mediatizado por tal coñecemento en caso de non lograrse a conformidade e realizarse o xuízo.

CRITERIOS DE ACTUACIÓN ORGANIZATIVOS E FUNCIONAIS

PRIMEIRO.- O servizo de enlace e coordinación entre a Fiscalía Provincial e o Colexio de Avogados que prevén o artigo 7 do Protocolo do 1/04/2009 será responsabilidade do fiscal xefe e do decano do colexio de avogados respectivamente, que asumen o control e desenvolvemento aplicativo do protocolo coa responsabilidade de detectar e resolver calquera incidencia na súa aplicación, así calquera avogado poderá dirixirse ao decano suscitando cuestións xerais ou particulares de actuación de protocolo que, debidamente valoradas, motivasen a inmediata comunicación directa do propio decano co fiscal xefe. En sentido análogo, a Fiscalía Provincial actuará no seu propio marco xerárquico constitucional.

O fiscal xefe, ou fiscal, por delegación súa, dará o visto e praxe a toda proposta de conformidade entre avogado e fiscal, constituíndose en requisito "sine qua non".

SEGUNDO.- No marco da negociación da conformidade, o fiscal procurará oír a vítima ou prexudicado que non comparecesen na causa, sempre que sexa posible e se xulgue necesario para ponderar correctamente os efectos e o alcance da conformidade. Pola súa parte, o avogado facilitará este achegamento para lograr, na medida do posible e

dentro da lexítima defensa dos intereses do seu defendido, que a conformidade poida participar de criterios de conciliación cos prexudicados.

TERCEIRO.- Exclúense, con carácter xeral, do ámbito de aplicación do protocolo os xuízos rápidos no Xulgado de Garda (xuízos inmediatos), cuxa conformidade discorre pola canle do artigo 801 da LACrim. Igualmente, exclúense os xuízos de faltas, pola súa propia configuración procesual, sen prexuízo de que os principios inspiradores do protocolo poidan proxectarse dentro da súa especialidade procesual, na que con anterioridade ao propio acto do xuízo non existe un título de imputación formal.

Por último, exclúense os xuízos ante o tribunal do xurado, aínda que coa consideración de que os mecanismos de contacto e enlace entre avogado e fiscal sexan os do protocolo, malia que coa especialidade procesual da lei reguladora deste procedemento.

CUARTO.- Na fase de instrución ata o momento en que a Fiscalía Provincial formule o escrito de acusación, o fiscal encargado da conformidade, e con quen en primeira instancia se levarán a cabo as actuacións dirixidas a esta, será o que teña asignado o dito asunto polas normas previas de repartición interna de xulgados de instrución que rexen na Fiscalía Provincial. A identificación concreta deste poderá obtela directamente o avogado do asunto contactando persoalmente, por vía telefónica ou por fax, en horario normal de oficina, con algún dos funcionarios do Corpo de Auxilio da Secretaría da Fiscalía Provincial, os que, identificado previamente o avogado, informarán da identidade do fiscal correspondente, facilitando do xeito máis rápido que sexa posible o contacto con el. Se a información sobre a identidade do fiscal non puidese darse no mesmo momento, esta seralle facilitada ao avogado pola Fiscalía Provincial no prazo máis breve posible.

Tras o escrito de acusación do fiscal, será o fiscal firmante do escrito o encargado das negociacións de conformidade (por regra xeral será o mesmo que ten asumido o despacho do respectivo xulgado de instrución).

QUINTO.- Os criterios e regras do presente protocolo provincial son de aplicación ata un momento procesual concreto, que vén determinado polo prazo de **DIEZ DÍAS posteriores á notificación á defensa ou defensas letradas do acusado ou acusados da resolución xudicial que sinala o día para a realización do acto de xuízo.** Ata ese preciso momento, o proxecto de conformidade valorada cunha eventual contrapartida á baixa da pretensión punitiva non poderá producirse, salvo que concorran circunstancias extraordinarias que xustifiquen a imposibilidade de atender a conformidade entre fiscal e avogado antes do momento procesual sinalado.

O expresado anteriormente non impedirá que se realicen conformidades pasados eses dez días desde a notificación á defensa da resolución de sinalamento do día para o xuízo, aínda que nestes casos, con criterio xeral, non se facilitarán rebaixas punitivas na extensión na que poderían darse se a conformidade se tivese proxectado nun momento anterior.

SEXTO.- Nos supostos nos que existan varias defensas, a negociación da conformidade realizarase simultaneamente con todas elas, sen prexuízo de conformidades que finalmente se refiran ou non a todas elas.


Nos supostos nos que exista acusación particular, igualmente a negociación da conformidade realizarase coa súa participación.


SÉTIMO.- Compételles ao fiscal e ao avogado darlles cumprida conta de modo comprensible dos termos da conformidade e das súas últimas consecuencias aos denunciados ou acusados.

OITAVO.- Os fiscais e avogados garantirán a estrita confidencialidade da negociación relativa á conformidade, producísese ou non finalmente esta.

NOVENO.- A Fiscalía Provincial e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense comprométense a facilitar os trámites de negociación no momento procesual máis temperán posible, para que as ditas conformidades poidan xerarlles o máximo beneficio posible aos defendidos que opten por ela, sinaladamente facendo uso do mecanismo do artigo 779.1.5 da LACrim, cuxa interpretación teleolóxica debe de realizarse en beneficio do favorecemento das conformidades e das rebaixas punitivas.

Ourense a 29 de outubro de 2009


Excmo. Sr. D. Arturo González Estevez
Decano


Excmo. Sr. D. Carlos Varela García
Fiscal Superior